

# Sistema operativo Ubuntu 16.04 CiTIUS

Instalación, mantemento e soporte técnico dun sistema operativo Ubuntu 16.04 modificado polo CiTIUS.

## Notificacións e comunicación entre usuarios

Para comunicar problemas, dúbidas ou facer suxestións, empregarase a canle #ubuntu1604 do Slack do CiTIUS. O sistema dispón dun applet de notificacións para novidades sobre software, actualizacións, etc.

## Software dispoñible

O sistema conta con varios repositorios adicionais aos da Ubuntu 16.04, co seguinte software xa instalado por defecto:

- Java 8 de Oracle
- Telegram, Scudcloud (Slack)
- Dropbox
- Skype 4.3
- Virtualbox 5.1

Ademáis, conta cos seguintes repositorios engadidos, sen instalar o software por defecto:

- R (engadido o 19-04-2017)
- Docker (engadido o 01-05-2017)
- Xpra (engadido o 05-03-2018)

## Software adicional

Podes solicitar a instalación de software adicional ou axuda para instalar software adicional á Unidade de Xestión de Infraestruturas TIC, pero tamén podes facelo por ti mesmo se queres.

### NVIDIA CUDA 8.0/9.1

Antes de instalar CUDA 8.0/9.1, comproba que a túa gráfica sexa compatible. Se non, pode que precisas instalar unha versión anterior.

Segue os pasos descritos en <https://developer.nvidia.com/cuda-downloads> (Elixé *Linux* → *x86\_64* → *Ubuntu* → *16.04* → *deb (network)*).

Recorda engadir estas liñas a o teu `~/.bashrc` (só para o teu usuario) ou nun arquivo global chamado por exemplo `/etc/profile.d/cuda.sh`:

```
export PATH=/usr/local/cuda/bin${PATH:+:${PATH}}
export
LD_LIBRARY_PATH=/usr/local/cuda/lib64${LD_LIBRARY_PATH:+:${LD_LIBRARY_PATH}}
```

Tras facer estes pasos, deberás reiniciar o sistema. Se tes problemas, pide axuda.

## Matlab

Para instalar a versión R2012a, executa `install-matlab_R2012a.sh` nunha terminal, ou elixe a opción Instalación de Matlab 2012a no lanzador de aplicacións.

Para instalar a versión R2018a, executa `install-matlab_R2018a.sh` nunha terminal, ou elixe a opción Instalación de Matlab 2018a no lanzador de aplicacións.

## Maple

Para instalar a versión 17, executa `install-maple17.sh` nun terminal, ou elixe a opción Instalación de Maple 17 no lanzador de aplicacións.

## Docker

O repositorio oficial xa está engadido, polo que só resta instalar o paquete `docker-ce`.

```
sudo apt install docker-ce docker-compose
```

## Adobe Reader 9

Non se recomenda utilizar Adobe Reader en Linux, xa que non está mantido dende 2012. Aínda así, se é preciso utilizalo, pódese instalar seguindo [estas instrucións](#):

```
# Add Precise partner repository and install adobereader-enu
sudo add-apt-repository "deb http://archive.canonical.com/ precise partner"
sudo apt-get update
sudo apt install adobereader-enu
# Remove Precise partner repository for safety
sudo add-apt-repository -r "deb http://archive.canonical.com/ precise
partner"
sudo apt update
# Install optional but recommended packages
sudo apt-get install gtk2-engines-murrine:i386 libcanberra-gtk-module:i386
libatk-adaptor:i386 libgail-common:i386
```

Por defecto, Adobe Reader 9 non asocia os arquivos PDF e para poder usalo debes primeiro abrir o Adobe Reader e logo abrir o arquivo desexado.

## Problemas coñecidos

### Problema: Non funciona o Wake on Lan

Se instalaches o escritorio MATE mediante `ubuntu-mate-desktop`, este inclúe `tlp`, un xestor de enerxía avanzado para portátiles que, entre outras cousas, deshabilita Wake on Lan. Podes eliminar `tlp` ou alternativamente configurar `/etc/default/tlp` establecendo `WOL_DISABLE=N`.

From:

<https://wiki.citius.usc.es/> - Wiki do CiTIUS

Permanent link:

[https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:ubuntu\\_16.04\\_citius](https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:ubuntu_16.04_citius)

Last update: **2018/05/29 12:19**

